

Código do documento	Código do expediente
USG16I023A	USG/2022/104
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2Y1P 003H 5K4R 5Y6E 0C2M	

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 20 DE XUÑO DE 2022.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D.^a María Guadalupe Pombo Carril
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta María Figueroa Fuentes
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Marta María Iglesias Becerra
D. Abraham Seijas González
D.^a Jéssica Méndez Sánchez

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Sonia Corral Corral

SECRETARIA XERAL:

D.^a Ana Ramos Ramos

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e corenta e catro minutos do día vinte de xuño do ano dous mil vinte e dous, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D.^a María Guadalupe Pombo Carril, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.^a Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.^a Jéssica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.^a Sonia Corral Corral.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Ana Ramos Ramos.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA EN DATA 15 DE XUÑO DE 2022.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión extraordinaria celebrada en data 15 de xuño de 2022, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión extraordinaria realizada en data 15 de xuño de 2022.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Anuncio do 6 de xuño de 2022, do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana -Dirección Xeral da Aviación Civil- relativo ao sinalamento da data para o levantamento das Actas Previas á Ocupación no expediente de expropiación forzosa núm. 113-AENA/20, "Aeropuerto de A Coruña. Expropiación de los terrenos necesarios para la ampliación de la franja de pista", no termo municipal de Culleredo (A Coruña) BOP núm. 114 do 16-06-2022.

Código do documento	Código do expediente
USG16I023A	USG/2022/104
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2Y1P 003H 5K4R 5Y6E 0C2M	

- Edito do 15 de xuño de 2022, do Concello de Culleredo, de exposición pública do padrón do prezo público pola prestación de ensinanzas do Conservatorio de Música Municipal dos meses de marzo e abril de 2022. BOP núm. 116 do 20-06-2022.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- A Sra. Méndez Sánchez dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da concellería delegada da Área de Participación Cidadá, Educación e Medio Rural:

“ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN

Mañás de campamento 2022

DATA INICIO: luns 27 de xuño.

DATA FIN CAMPAMENTOS: venres 2 de setembro.

Nº DE PERSOAS MATRICULADAS: 320.

Nº DE PRAZAS CON XANTAR: 157.

Nº DE PRAZAS SEN XANTAR: 163.

LUGAR: Instalacións do CEIP Vila de Rutis para alumnado de E.I., e instalacións do CEIP Sofía Casanova e pavillón, para o alumnado de E.P.

HORARIO: de 7:30 a 16:00 h.

PARTICIPANTES QUE INICIAN O CAMPAMENTO O DÍA 27 DE XUÑO: 202 (5 + 3 SEMANAS).

PARTICIPANTES NO CAMPAMENTO DO 18 AO 29 DE XULLO: 162 (5+2 SEMANAS).

PARTICIPANTES QUE INICIAN O CAMPAMENTO O DÍA 1 DE AGOSTO: 60 (5+3 SEMANAS).

PARTICIPANTES NO CAMPAMENTO DO 22 DE AGOSTO AO 2 DE SETEMBRO: 52 (5+2 SEMANAS).

PARTICIPAN NENOS E NENAS EN INTEGRACIÓN: 7.

TEMÁTICA A DESENVOLVER NO CAMPAMENTO: *E TÍ, COÑECES AO GATIPEDRO?. EN BUSCA DOS SERES MITOLÓXICOS.*”

2.2.2.- O Sr. Liñares Gestal dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da concellería delegada da Área de Medio Ambiente, Obras e Servizos:

“

- Resolución número CUL/RES/1096/2022 de data do 01/06/2022 pola que se outorga a licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos número 172, ao abeiro do Decreto 90/2002 de 28 de febreiro e da Ordenanza municipal reguladora da licenza para a posesión de animais potencialmente perigosos, do seu rexistro, e da Sección Local do Rexistro de Animais de Compañía, á D.ª S. R. L.
- Resolución número CUL/RES/1097/2022 de data do 02/06/2022 pola que se outorga a licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos número 173, ao abeiro do Decreto 90/2002 de 28 de febreiro e da Ordenanza municipal reguladora da licenza para a posesión de animais potencialmente perigosos, do seu rexistro, e da Sección Local do Rexistro de Animais de Compañía, á D.ª M. C. B. A.
- Resolución número CUL/RES/1098/2022 de data do 02/06/2022 pola que se outorga a licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos número 174, ao abeiro do Decreto 90/2002 de 28 de febreiro e da Ordenanza municipal reguladora da licenza para a posesión de animais potencialmente perigosos, do seu rexistro, e da Sección Local do Rexistro de Animais de Compañía, á D. J. M. C. R.
- Resolución número CUL/RES/1099/2022 de data do 02/06/2022 pola que se outorga a licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos número 175, ao abeiro do Decreto 90/2002 de 28

de febreiro e da Ordenanza municipal reguladora da licenza para a posesión de animais potencialmente perigosos, do seu rexistro, e da Sección Local do Rexistro de Animais de Compañía, á D.ª C. A. R.

- Resolución número CUL/RES/1115/2022 de data do 07/06/2022 pola que se rexistra o animal potencialmente perigoso no Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos, co número 149, de nome Draco, especie canina, raza Dogo Argentino e número de microcip 941010000471129.
- Resolución número CUL/RES/1123/2022 de data do 08/06/2022 pola que se rexistra o animal potencialmente perigoso no Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos, co número 150, de nome Golfo, número de microchip 41000015422296, especie canina e raza American Staffordshire Terrier.
- Resolución número CUL/RES/1133/2022 de data do 10/06/2022 pola que se rexistra o animal potencialmente perigoso no Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos, co número 151, de nome Pirata, número de microchip 941000026068664, especie canina e raza American Stafforshire Terrier.
- Resolución de data do 13/06/2022 pola que se outorga a licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos número 176, ao abeiro do Decreto 90/2002 de 28 de febreiro e da Ordenanza municipal reguladora da licenza para a posesión de animais potencialmente perigosos, do seu rexistro, e da Sección Local do Rexistro de Animais de Compañía, á D. A. L. R. B.”

2.2.3.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións e actividades da concellería delegada da Área de Política Social e Promoción do Deporte:

C.I.F. P-1503100-H

***SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.**

Data da resolución	Nº resolución	Tipo de resolución	Intensidade
09/06/22	1125	Conceder a inclusión no servizo municipal de Axuda no fogar a ***0157**, compartindo as dúas horas destinadas a tarefas domésticas concedidas para súa cónxuxe 76446311S, segundo se recolle na resolución nº 946 asinada o 09/05/2022.	
10/06/22	1140	Conceder a ****2627* e ****2638* o Xantar na Casa a e dar traslado desta resolución ó Consorcio Galego de Igualdade e Benestar.	Para os sete días da semana
13/06/22	1157	Conceder a ****2787* o servizo municipal de axuda a domicilio. Conceder a ****0784* o servizo municipal de axuda a domicilio.	Cinco horas á semana (agás festivos) Cinco horas á semana (agás festivos).
14/06/22	1158	Denegar a ***9474** o servizo de Teleasistencia domiciliaria por	

Código do documento	Código do expediente
USG16I023A	USG/2022/104
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 2Y1P 003H 5K4R 5Y6E 0C2M	

		superar ingresos fixados na contía correspondente a 2,5 veces o valor do IPREM anual en 14 mensualidade.	
14/06/22	1161	Conceder a ***0605** o Servizo de Teleasistencia domiciliaria e dar traslado desta resolución á Deputación da Coruña	
09/06/22	1139	Conceder a ***3830** o servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de	Tres horas á semana (agás festivos), para atencións de carácter persoal.

***TARXETA ESTACIONAMENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emision y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad (BOE nº 309 de 23 de decembre de 2014)**

C.I.F. P-1503100-H

Data da resolución	Nº resolución	Tipo de resolución	Vixencia
09/06/22	1129	Denegar a ***9254** a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade por non ter recoñecida a existencia de dificultades de mobilidade para utilizar transportes colectivos, con carácter DEFINITIVO.	
14/06/22	1159	Conceder a ***8846** a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	10 anos

SERVIZOS COMUNITARIOS BÁSICOS

2.3.- RECURSO DE AMPARO CONSTITUCIONAL INTERPOSTO EN REPRESENTACIÓN DE OBRALAR SLU CONTRA A PROVIDENCIA DO 20 DE ABRIL DE 2022 DA SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DO TRIBUNAL SUPREMO, SECCIÓN PRIMEIRA. RECURSO DE CASACIÓN 5626/2021.

O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local do recurso de amparo constitucional, de data 8 de xuño de 2022, interposto por D. Jorge Bejerano Pérez en representación de OBRALAR SLU, contra a Providencia de data 20 de abril de 2022 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, Sección Primeira, recaída no recurso de casación 5626/2021, pola que se inadmitiu o recurso de casación interposto contra a sentenza da Sección 3 da Sala

Código do documento	Código do expediente
USG16I023A	USG/2022/104
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2Y1P 003H 5K4R 5Y6E 0C2M	

do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 23 de abril de 2021 ditada no recurso de apelación núm. 7205/2020.

2.4.- DECRETO 226/2022 DO XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA NÚM 2 DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, PROCEDEMENTO ORDINARIO 602/2020.

O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local do decreto 226/2022, do 9 de xuño de 2022, do Xulgado de Primeira Instancia núm. 2 de Santiago de Compostela, Procedemento Ordinario 602/2020, en cuxa parte dispositiva acorda:

“Tener por terminado el presente procedimiento ORDINARIO 602/2020, seguido a instancia de COMUNIDAD DE MONTES VECINALES EN MANO COMUN DE CASTELO, frente a RETEVISION I SAU Y AYUNTAMIENTO DE CULLEREDO, remitiéndose las actuaciones al archivo.

MODO DE IMPUGNACIÓN: Contra la presente resolución cabe interponer **recurso de revisión** en el plazo de **cinco días** contados a partir del día siguiente de su notificación, mediante escrito en el que deberá citarse la infracción en que la resolución hubiera incurrido.

Dicho recurso **carecerá de efectos suspensivos** sin que, en ningún caso, proceda actuar en sentido contrario a lo que se hubiese resuelto (art. 454.bis L.E.C.).

Para la admisión del recurso se deberá acreditar haber constituido un **depósito de 25 euros** en la cuenta de depósitos y consignaciones de este órgano judicial (.../...)”

2.4.- SENTENZA 176/2022 DO XULGADO DE INSTRUCCIÓN NÚM. 1 DA CORUÑA, DILIXENCIAS URXENTES/XUIZO RÁPIDO 43/2022.

O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local da sentenza 176/2022, do 10 de xuño de 2022, do Xulgado de Instrucción núm. 1 da Coruña, Dilixencias Urxentes/Xuízo Rápido 43/2022, en cuxo fallo (anonimizado) di;

“Que debo condenar y condeno a J.M.R.M. como autor de un delito contra la seguridad vial previsto y penado en el artículo 379.2 del Código Penal a la pena de **4 meses de multa con una cuota diaria de 5 euros con aplicación del artículo 53 en caso de impago y un año y cuatro días de privación del derecho a conducir vehículos de motor y ciclomotores**. Costas.

Que debo condenar y condeno, en calidad de responsables civiles a J.M.R.M. y a la compañía aseguradora MAPFRE S.A. a **que indemnicen al Concello de Culleredo en la Cantidad de 949,85 euros por los daños causados en el muro**. Dicha cantidad devengará el interés legal conforme al artículo 576 de la LEC y 1105 del Código Civil.

Se hace constar que esta sentencia es firme, al haber sido notificada a las partes verbalmente, manifestando su voluntad de no recurrirla.

(.../...)”

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Código do documento	Código do expediente
USG16I023A	USG/2022/104
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2Y1P 003H 5K4R 5Y6E 0C2M	

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as catorce horas e seis minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O alcalde

(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H